

# INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 14-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Grao en Administración e Dirección de Empresas
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo Facultade de CC. Económicas e Empresariais Escola de Negocios Afundación
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

## **Xustificación do Resultado:**

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG de xullo de 2015.

## **Cumprimento do proxecto establecido:**

O proxecto establecido na memoria da titulación, no marco das regulacións e procedementos marcados pola Universidade de Vigo cúmprese adecuadamente. Con todo, existen diferenzas entres os centros e algúns desequilibrios

Os aspectos susceptibles de mellora foron detectados polos mecanismos internos de control e calidade de cada un dos tres centros, de xeito que xa existe unha reflexión ou están previstas medidas para emendalos.

A planificación docente resulta axeitada e adáptase ás necesidades do título.

Constátase unha adecuada implantación co SGIC, como ferramenta de traballo eficiente para a detección e análise do desenvolvemento da titulación.

Ponse de manifesto o esforzo e o compromiso coa mellora da titulación, por parte dos tres centros, individualmente.


## **Plan de melloras do título:**

Os plans de melloras dos tres centros (Facultade de CC. Económicas e Empresariais, Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, Escola de Negocios Afundación) son realistas e adecuados. Nas propostas que acollen materialízanse as reflexións realizadas sobre os aspectos concretos que se consideran mellorables nesta titulación.

Segundo os indicadores de execución das accións, as medidas están en fase de cumprimento neste curso 2015-16.

## **Modificacións do plan de estudo:**

Vigo, a 14 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente  
Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

## 1. Valoración do cumprimento

### Resultado:

- Conforme excelente**       **Conforme**       **Non Conforme**  
 **A**       **B**       **D**  
 **C**

### Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	B
Sistema de Garantía de Calidade	B
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	A
Resultados de Aprendizaxe	C
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

**CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias	<p>Unha vez revisadas de xeito aleatorio as guías docentes de seis materias, constátase que se producen algunhas diverxencias recorrentes co estipulado na memoria vixente da titulación (2009) en aspectos concretos.</p> <p>Estas diverxencias prodúcense no relativo ás competencias nas guías da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (FCEE) e na Facultade de Empresariais e Turismo (FCET).</p> <p>No relativo á planificación docente, á metodoloxía docente e á avaliación, os apartados figuran correctamente cumprimentados en xeral, mais detéctanse pequenas incoherencias internas, fundamentalmente no caso da FCEE (“Réxime fiscal da empresa”, apartado de Avaliación, por exemplo).</p> <p>a) FCEE: As guías das materias revisadas non están dispoñibles nas dúas linguas oficiais. Nalgúns casos, detéctase desaxuste entre a lingua en que se “etiqueta” a guía e a lingua en que de feito está redactada.</p> <p>Existe falta de coincidencia na nomenclatura das competencias na memoria e nas guías, ademais de discordancias entre as competencias previstas na memoria (moito máis numerosas, en xeral) e as reflectidas na actualidade nas guías. Aparecen máis competencias na memoria que nas guías, dado que faltan por recoller competencias que figuran na memoria. En calquera caso, nas guías están presentes os aspectos fundamentais do programa formativo.</p> <p>Estes desaxustes prodúcense en diferentes materias e non de maneira puntual.</p>

	<p>b) FCET: As guías docentes atópanse nas dúas linguas (galego e castelán) en todas as guías examinadas. Atopáronse discordancias internas entre as versións galega e castelá (diferentes contidos, baleiros, maior ou menor desenvolvemento da información etc.), como no caso de “Xestión da innovación”, por exemplo. Nalgún caso, algún dos apartados na guía non figura na lingua na que tería que estar redactada.</p> <p>c) Escola de Negocios Afundación: As guías docentes atópanse todas en idioma castelán, acompañado da versión en inglés no caso das materias impartidas nesa lingua. Non se utiliza o galego en ningunha das guías revisadas.</p>
<p>E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación</p>	<p>Existen diferenzas entre o grao de información proporcionado polos centros implicados no título.</p> <p>a) FCEE: As actas non son accesibles para a súa avaliación. Desde o espazo para o avaliador da aplicación do SGIC no Seix (<a href="https://seix.uvigo.es/sgic/pdf_entry.php?id=36134&amp;entry=1">https://seix.uvigo.es/sgic/pdf_entry.php?id=36134&amp;entry=1</a>) non é posible acceder nin consultar as actas.</p> <p>b) FCET: Nas actas da comisión reflíctese o tratamento de cuestións de coordinación docente, de maneira regular e completa. Reflíctese a existencia de Informes de Accións de coordinación para este título, entre outros.</p> <p>c) Escola de Negocios Afundación: Da análise da documentación actas das comisións de titulación e académicas despréndese que os mecanismos de coordinación docente son adecuados. Reflíctese a previsión para o curso 2015-16 de distintos niveis de coordinación: horizontal (de titulación e de curso) e vertical, o que representa un aspecto moi positivo de articulación do labor de organización do título. Prográmase coordinación específica para aspectos concretos: mobilidade, prácticas extra-curriculares, PAT, TFG.</p>

### 1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Discordancias internas nos contidos das guías entre as versións nas dúas linguas (FCEE).	Si	Revisar e completar
Discordancia entre as guías docentes e a memoria nas competencias asociadas ás materias.	Si (FCET, FCEE)	Revisar e completar
Ausencia de información da FCEE (actas das comisións)	Non (FCEE)	

## 1.1.2 Valoración do Criterio:

<b>Organización e Desenvolvemento</b>	<b>B</b>
---------------------------------------	----------

## 1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E30	Mecanismos de coordinación docente funcionais e eficientes, no ámbito de cada centro.
Recomendacións para a mellora	E4	Revisar e regularizar as guías docentes.
Fortaleza	E30	A FCET (Ourense) ten a implantación do SGIC do centro certificado
Recomendacións para a mellora	E30	Ausencia de información (FCEE)

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:** Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/ asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	<b>A</b>	<p>A información pública do título é clara, completa e ben detallada nos tres centros, aínda que non se atopa reunida e unificada nunha web común. Está presentada dun xeito útil e intuitivo nas páxinas da Escola de negocios Afundación e na FCET (Ourense). Non caso da FCEE (Vigo) a información é accesible, pero podería mellorarse a súa distribución e presentación, para facer máis intuitivo e rápido o acceso. En conxunto,</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A información aparece actualizada, tanto no relativo á estrutura do programa formativo da titulación: denominación dos módulos ou materias, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo das materias.</li> <li>• Nas guías docentes obsérvase algunhas diverxencias no apartado das competencias, con respecto á memoria (“Dirección estratéxica internacional”, “Creación y simulación de empresas”, “Réxime fiscal da empresa” ou “Matemáticas”, FCEE).</li> <li>• Información clara, detallada e accesible no relativo a horarios, aulas e calendarios de exames.</li> <li>• Información satisfactoria, clara e accesible sobre o TFG (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias etc.)</li> </ul>
A información do SGC é completa?	<b>A</b>	<p>En conxunto, a información do SGC é completa.</p> <p>a) FCEE: Está información atópase no ítem “Orientación cara a Calidade” da pestana “Compromiso social”, non directamente nunha pestana propia. A información pública é completa e está actualizada.</p> <p>b) FCET: A información pública é completa, está actualizada e dispoñible de xeito fácil e intuitivo.</p> <p>c) Escola de Negocios Afundación (ENA): A información pública é completa e está actualizada. Recolle Manual, procesos, política e obxectivos de calidade, así como tamén plans de mellora, resultados académicos, seguimento do título, entre outros apartados.</p>
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	<b>B</b>	<p>A información é completa e está actualizada nos tres centros. A súa presentación é intuitiva.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Profesorado: Información completa. Atópanse os nomes do persoal docente e os contactos,</li> </ul>

		<p>asi como as súas liñas de investigación (FCET) ou un breve CV (ENA), datos da súa experiencia docente e investigadora, categoría. No caso de ENA, hai información acerca do profesorado distribuída en dous documentos pdf distintos, que poderían unificarse.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoal de apoio por centro (número e cargo/posto desempeñado): Non se ofrecen directamente datos concretos sobre este persoal.             <ul style="list-style-type: none"> <li>-No caso da ENA, proporciónase información sobre a existencia de persoal de apoio (“Servicios y recursos materiales”, pero non se especifica o número de persoas (reprografía, seguridade) nin se proporcionan datos de contacto. Indícase que se trata de persoal subcontratado, non integrante do cadro de persoal do centro.</li> </ul> </li> <li>• Recursos materiais do título (Aulas, seminarios etc.).             <ul style="list-style-type: none"> <li>-FCEE: Ofrece información básica.</li> <li>-FCET: Información detallada, exhaustiva e clara. Proporciónase información mesmo da ocupación de cada aula, mediante cadros.</li> <li>-ENA: Ofrécese información clara, detallada e accesible.</li> </ul> </li> </ul>
A información dos resultados é completa?	<b>A</b>	A información pública do título é comprensible, completa e figura actualizada nos tres centros participantes (respectivos Informes de Revisión pola Dirección, IRD).

### 1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Diverxencias nas competencias das guías docentes, respecto da memoria	Si	[Revisar as competencias]
Información acerca do profesorado distribuída en dous documentos pdf distintos	Si	FCET: Ficha 19. Completar datos de profesorado. En conxunto, Reunir os datos e facilitar aínda máis a accesibilidade á información sobre o profesorado.
Diverxencias no tipo e grao de información ofrecida sobre recursos humanos e servizos	Non	Completar e unificar as fichas do profesorado (incluír breve CV e liñas de investigación en todos os casos, regularizar formato) e proporcionar datos do PAS (Afundación)

## 1.2.2 Valoración do Criterio:

<b>Información e Transparencia</b>	<b>B</b>
------------------------------------	----------

## 1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E1 - E6	A páxina web da FCCT presenta un formato modélico, en canto ao detalle e claridade na presentación da información. A información sobre a organización académica (no relativo á estrutura do programa formativo; horario, aulas e calendarios; TFG ) e o SGC é moi completa.
Recomendacións para a mellora	E1, E4	Desacordo entre as competencias establecidas nas guías docentes e as presentes na memoria.
Fortaleza	E1 - E6	A información sobre resultados é completa.
Recomendacións para a mellora	E1 - E6	Sería recomendable contar cunha páxina conxunta da titulación, que logo remitise a cada un dos tres centros participantes.



**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:** Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Unha vez comprobados os rexistros pertinentes, a implantación do SGC percíbese como adecuada, con diferenzas entre os tres centros implicados. En conxunto, os SGIC están implantados, pero atópanse algúns ítems sen contidos. O centro máis completo é a FCET (rexistros sobre coordinación, promoción).
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Non se dá o mesmo acceso ás actas da Comisión de Calidade nos tres centros: a) FCEE: Non se encontran as actas na plataforma. b) FCET (Centro certificado): As actas tratan diversos asuntos relacionados coa implantación de procedementos (coordinación, plan de acción titorial, orientación etc., así como cuestións relativas ao seguimento, resultados e accións de mellora). c) ENA: Non se atopan as actas.

**1.3.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Rexistros con ítems sen documentación (ENA).	Si	Os centros propóñense avanzar na implantación, extensión e reforzo do SGIC. [Ficha 22 FCEE. Ficha 22 ENA]
Diferencias no grao de accesibilidade da información nos centros (ENA, FCEE)	Non	

**1.3.2 Valoración do Criterio:**

**Sistema de Garantía de Calidade B**

**1.3.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E05- E7-E8	Implantación do SGC.
Fortaleza	E30	Funcionamento dos procedementos de análise da titulación, das súas necesidades e das posibilidades de mellora.
Fortaleza		FCET é un centro certificado.

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:** Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

<b>Evidencias:</b>	<b>Descrición</b>
<p>E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe</p>	<p>Lévase a cabo unha análise e reflexión sobre os resultados proporcionados polas enquisas no relativo a participación, resultados obtidos da EAD e a súa evolución. Reflexiónase sobre os aspectos considerados negativos ou mellorables (baixa participación do alumnado, por exemplo), na procura de estratexias para mellorar. -FCEE: Analízanse detalladamente os resultados da valoración docente EAD no Informe de Revisión pola Dirección. O IRD considéraos positivos dado que a nota media se sitúa en 3.6/5, cunha participación do 27,27% na titulación. Non se atoparon datos detallados sobre EAD. -FCET: Non se atoparon datos detallados sobre EAD. Analízanse os resultados das enquisas de satisfacción no IRD. -ENA: No equivalente ao IRD e nos seus anexos analízanse os datos obtidos. Constátase unha participación elevada nas EAD (75%) e unha participación máis baixa do alumnado nas enquisas de satisfacción (63,33%), superior á media da UVigo.</p>
<b>Indicadores:</b>	<b>Descrición</b>
<p>I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título</p>	<p>Os datos de satisfacción totais son positivos para o profesorado, xa que se moven en torno aos 4 puntos, mais descenden considerablemente no caso do alumnado. Por outra banda, a porcentaxe de participación do alumnado é moi desigual nos tres centros e bastante mellorable (FCEE: 11,05%; FCET: 21,05%; ENA: 63,33%). Non é adecuada. No caso do profesorado a participación é superior (FCEE: 30,61%; FCET: 60,87%; ENA; 80,77%) e, polo tanto, máis representativa. Destaca a reducida participación dos dous grupos de interese na FCEE. Nos IRD, os centros reflexionan segundo os resultados específicos obtidos.  -FCEE: a) Profesorado: O grao de satisfacción cos recursos humanos (3,76/5) é máis reducido que entre o profesorado da titulación nos outros centros. O grao de satisfacción global é 3,90/5, adecuado. b) Alumnado: O grao de satisfacción global é 2,81/5, peor que o curso anterior. O dato é moi baixo en relación coa alumnado dos outros dous centros que imparten a titulación e en relación coa media da UVigo.  -FCET: a) Profesorado: O grao de satisfacción cos recursos humanos (3,79/5) representa o dato máis baixo dos obtidos nas enquisas ao profesorado da titulación neste centro. O grao de satisfacción global é 4,17/5, satisfactorio. b) No caso do alumnado, o grao de satisfacción global é 3,32/5, mellorable.  -ENA: a) Profesorado: O grao de satisfacción cos recursos humanos 4,78/5. O grao de satisfacción global é 4,76/5. b) Alumnado: o grao de satisfacción global é 3,61/5, mellorable.</p>

	<p>O centro que obtén mellores valoracións neste apartado é ENA, cuxos resultados son os máis representativos polo maior índice de participación nas enquisas dos grupos de interese. <a href="#">Indicador 03.</a></p>
<p>I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)</p>	<p>Lévase a cabo unha análise e reflexión profunda sobre os resultados obtidos en cada centro.</p> <p>-FCEE: Analízanse detalladamente os resultados de aprendizaxe no IRD. Neste informe sinálase e reflexiónase sobre o baixo grao de satisfacción do alumnado que, segundo apunta o IRD, pode estar relacionado co aumento da ratio de alumnos por grupo-clase. Considérase positiva a mellora na valoración do profesorado respecto do ano anterior.</p> <p>-FCET: Detéctase un descenso na participación do profesorado (60.87%) respecto do ano anterior, feito que se analizará no IRD. Lévase a cabo unha satisfactoria análise e reflexión sobre os diversos aspectos (baixada nos índices de participación, por exemplo). No relativo ao estudantado, o IRD sinala como mellorable o grao de satisfacción coa orientación (2.7/5), aínda que se constatan os aumentos respecto de anos precedentes ese reflexiona sobre as causas (mellores no PAT). Exprésase a necesidade de mellorar nos diferentes aspectos, por unha banda, e de sensibilizar da importancia de participar nas enquisas, por outra.</p> <p>-ENA: No equivalente ao IRD e nos seus anexos analízanse os datos obtidos. Constátase tanto a satisfactoria participación do alumnado (superior á media da UVigo 25,17 e moi superior á media da titulación, que o IRD sitúa para nun 17,51%) e do profesorado (cun 80,77%, moi superior á media da UVigo, situada nun 44,42%). Considerárase que non son necesarias polo tanto accións de mellora, máis alá de manter o impulso presente.</p> <p>En conxunto, os datos son razoables e as reflexións sobre eles responden ás problemáticas atopadas (necesidade de aumento da participación do alumnado, aspectos mellorables etc.).</p> <p>Non se atopa unha reflexión global por parte do conxunto de responsables da titulación.</p>

**1.4.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa participación do alumnado nas enquisas	Si	FCET: Ficha 14. Incentivar a participación
Índice de satisfacción do alumnado (FCEE, FCET)	Si	FCET: Concienciar o alumnado das vantaxes do PAT. Outras accións.
Índice de satisfacción con distintos aspectos de orientación e desenvolvemento das ensinanzas (FCEE)	Non	
Ausencia dunha reflexión de conxunto	Non	Articular mecanismos de actuación conxunta

## 1.4.2 Valoración do Criterio:

<b>Recursos Humanos</b>	<b>B</b>
-------------------------	----------

## 1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E27	Autocrítica a partir dos datos e reflexión do persoal responsables, cunha notable implicación na detección das incidencias detectadas.
Fortaleza	I03	Grao de satisfacción do profesorado enquisado.
Recomendacións para a mellora	I07	Escasa participación do alumnado, detectada xa polos centros afectados nos seus IRD.
Recomendacións para a mellora	I03	Índices de satisfacción do estudiantado (FCEE).

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:** Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>O grao medio de satisfacción é adecuado no caso do profesorado, e notablemente máis baixo no grupo do alumnado.</p> <p>-FCEE: No caso do profesorado atinxe 4,06 puntos, mentres que no caso do alumnado 3,59/5. É o indicador máis elevado en ambos grupos, en relación cos outros ítems da enquisa.</p> <p>-FCET: No caso do profesorado atinxe 4,47 puntos, mentres que no caso do alumnado é máis baixo: 3,79/5. Constatase a mellora do dato respecto de anos anteriores.</p> <p>-ENA: No caso do profesorado atinxe 4,78/5 puntos, mentres que no caso do alumnado 3,80/5.</p> <p>Lévase a cabo unha reflexión adecuada nos tres centros.</p> <p><a href="#">Indicador 03</a></p>

### 1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Índice de satisfacción do alumnado inferior ao profesorado	Non	Poderíase reflexionar sobre por que existe esa diferenza nas valoracións de estudantado e de profesorado

### 1.5.2 Valoración do Criterio:

**Recursos Materiais e Servizos** **A**

### 1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I03	Boa valoración global dos recursos técnicos

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:** Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

<b>Evidencias:</b>	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grao	A distribución das cualificacións é razoable e equilibrada. O número total de traballos defendidos é desigual nos tres centros. As taxas de avaliación e rendemento son baixas no caso das Facultades da UVigo. -ENA: Os datos das cualificacións son razoables (8 Ap, 2 MH, 15 Not., 5 Sob., 1 Sp.). -Na FCEE destácase o descenso de TFG defendidos, que dá lugar á baixa taxa de rendemento e avaliación desta materia (e baixa a taxa de graduación).
E28- E18: Informes de cualificacións das materias	Da análise dos datos das cualificacións por materias despréndese que son, en xeral, razoables. Estes datos reflíctense e analízanse nos respectivos IRD. No caso da FCEE e FCET existe unha maior desviación entre a cualificación das diferentes materias (taxas de rendemento, éxito) que na ENA. Destaca a baixa taxa de avaliación do TFG. -FCET: Detéctanse materias cunhas taxas de rendemento e éxito anormalmente baixas (Economía: Microeconomía, Estatística: Estatística, Historia: Historia económica, Dirección de operacións). No IRD sinálase esta situación e propóñense medidas Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accédese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escóllese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias”.

**1.6.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa taxa de TFG defendidos (FCEE; FCET)	Si (FCET)	
Materias con taxa de rendemento e éxito moi baixas (FCET)	Si	

**1.6.2 Valoración do Criterio:**

**Resultados de Aprendizaxe C**

**1.6.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E25-E17	A distribución das cualificacións é, en xeral, razoable.
Recomendacións para a mellora	E28 - E 18	A distribución das cualificacións é razoable e, en xeral, equilibrada, aínda que nalgúns casos existan oscilacións entre os resultados das materias (taxas de éxito, rendemento).
Recomendacións para a mellora	E25-E17	Taxa baixa de TFG defendidos nalgúns dos centros.

**CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:** Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

<b>Evidencias:</b>	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	<p>Lévanse a cabo análises dos datos nos respectivos Informe de Revisión pola Dirección e reflexiónase adecuadamente sobre eles:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-FCEE: No IRD reflexiónase sobre os índices de satisfacción, moi baixos no caso do alumnado (2,81/5 fronte a 3,90/5 para o profesorado). Isto analízase e valórase no IRD, que apunta á relación co aumento de alumnado por grupo.</li> <li>-FCET: Os resultados valóranse positivamente na práctica totalidade dos ítems, coa excepción da satisfacción do alumnado coa orientación, que se considera mellorable: 2,75/5 (como elemento positivo, conséntase un incremento neste ítem respecto do curso anterior, no que só se acadara un 2,4/5). Sinálase a realización de esforzos para aumentar a participación do alumnado, os avances conseguidos (21,05% en 2014-15, fronte ao 12,60 do curso 2013-14) e sinálase a necesidade de continuar nesa liña.</li> <li>-ENA: Reflexión e análise detallada. Considéranse satisfactorios os resultados. Analízanse tamén os resultados de enquisas propias e do grao de satisfacción do PAS.</li> </ul>
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	<p>Os tres informes (IRD) analizan os respectivos resultados. As reflexións e as propostas varían nos centros implicados, en función das diferentes situacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-FCEE: Analízanse os datos de xeito moi detallado, globalmente e desagregados por materias. Conséntase que os resultados están por debaixo dos obxectivos fixados. Non se consideran satisfactorios os resultados. Reflexiónase sobre as posibles causas do empeoramento nas cifras obtidas en relación coas diferentes taxas (rendemento, eficiencia, avaliación etc.) En relación coa taxa de graduación, destácase o impacto negativo que provoca o número de TFG presentados neste curso.</li> <li>-FCET: Analízanse os datos de xeito moi detallado, globalmente e desagregados por materias. En conxunto, as cifras empeoran respecto de cursos anteriores, cunha curva de resultados descendente en boa parte das taxas. A Dirección analiza este descenso nos apartados afectados e sinálanse os puntos débiles.</li> <li>- ENA: A Dirección valora moi positivamente os resultados obtidos. Efectúanse comparacións cos outros dous centros homólogos, co sistema universitario galego e co ámbito das universidades (públicas e privadas) españolas, e conclúese que o balance deste centro adscrito é moi satisfactorio.</li> </ul>
<b>Indicadores:</b>	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<p>Detéctase unha clara diferenza entre as facultades da UVigo e o centro adscrito (ENA). Os datos difiren nos tres centros:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-FCEE: O número de estudantes de novo ingreso descende a 217, fronte aos 249 do curso 2013-14.</li> <li>-FCET: O número de estudantes é inferior ao do ano precedente (90 en 2014-15 fronte a 108 no curso 2013-14).</li> <li>-ENA: O número de estudantes mantense practicamente respecto do curso anterior: 170 en 2014-15 (169 en 2013-14). O descenso no número de alumando matriculado de novo ingreso é apreciable na FCEE (-32) e na FCET (-28), en contraste co mantemento nunhas cifras adecuadas no caso da ENA.</li> </ul>

	<p>Consideramos que este dato resulta relevante, polo desequilibrio que implica. <a href="#">Indicador 01.</a></p>
<p>I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título</p>	<p>Os datos de satisfacción difiren nos tres centros:          -FCEE: Son positivos no caso do profesorado (3,90/5) e mellorables no caso do alumnado (2,81/5).          -FCET: Son positivos no caso do profesorado (4,17/5) e aceptables no caso do alumnado (3,32/5).          -ENA: Son moi positivos no caso do profesorado (4,76/5) e adecuados no caso do alumnado (3,61/5).          Hai diferenzas considerables entes os índices de satisfacción globais dos tres centros.          Como elemento común aos tres centros, prodúcese un desequilibrio entre os datos do profesorado e os do alumnado.  <a href="#">Indicador 03</a></p>
<p>I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.</p>	<p>Análise das taxas de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito e avaliación e outros indicadores do SGC (de xeito global).          En conxunto, percíbese un desequilibrio entre os tres centros. O centro que obtén os mellores resultados para todas as taxas é ENA, nalgúns casos con cifras moi superiores aos outros dous centros (FCEE e FCET).          -FCEE: Constátase un empeoramento das taxas respecto dos cursos anteriores, cunha progresión descendente desde o inicio.          -FCET: Constátase un empeoramento respecto do curso anterior. Este centro presenta os valores menos elevados dos tres centros en boa parte das taxas (rendemento 54%, avaliación 73,91%, eficiencia 82,71%, por exemplo), mentres que na taxa de éxito alcanza o 73,17% (fronte ao 72,69 da FCEE).          -ENA: Constátase unha mellora nos resultados respecto do curso anterior e unha progresión en positivo ao longo dos anos, desde a implantación do título. Só a taxa de avaliación (96,69%, 2014-15) presenta unha cifra inferior ao ano precedente, pero equivalente ás obtidas nos anos anteriores).  <a href="#">Indicador 11.</a></p>
<p>I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso</p>	<p>Os datos de ocupación, preferencia e adecuación aparecen reflectidos tamén nos tres IRD. Son obxecto de análise detallada e de reflexión.          -FCEE: As cifras obtidas neste curso representan un descenso respecto de cursos anteriores na preferencia (101,43%) e adecuación (77,88%), mentres que se manteñen respecto da ocupación (103,33%).          -FCET: As cifras obtidas neste curso representan un descenso respecto de cursos anteriores na ocupación (50%, fronte a 56,84), preferencia (46,67%, fronte a 57,89%) e adecuación (77,78%, fronte a 93,52 no curso 2013-14).          -ENA: Os resultados obtidos considéranse satisfactorios. As taxas experimentan un descenso respecto do curso 2013-14 na preferencia (65% fronte a 73,33%) e adecuación (92,86%, fronte ao 100% anterior); pola súa banda, a ocupación (70%) mantense estable.          -Nota media de acceso: O centro adscrito (ENA) rexistra a nota media de entrada máis elevada (7,45, superior ao 7,39 do ano anterior), mentres que a FCEE rexistra un 6,61 (inferior ao 6,88 do ano precedente) e a FCET un 6,40 (6,57 no ano 2013-14).  <a href="#">Indicador 12.</a></p>



**1.7.1 Puntos Febles:**

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Desequilibrio entre os índices rexistrados nos tres centros implicados no título	Non	Reflexionar sobre as motivacións destas diferenzas
Baixos índices de satisfacción do alumnado	Non	
Taxas de rendemento, graduación e abandono mellorables (FCEE, FCET)	Si (FCET)	

**1.7.2 Valoración do Criterio:**

**Indicadores de Satisfacción e Rendemento B**

**1.7.3 Xustificación do Resultado:**

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I11	Desequilibrio entre os resultados dos tres centros que imparten a titulación
Recomendacións para a mellora	I11	Resultados inferiores no grao de satisfacción do alumnado

## 1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p><b><u>Criterio 1, Organización e desenvolvemento:</u></b>  <b><u>E4 (Guías docentes das materias), apartado c.</u></b></p> <p>En relación con las guías docentes de las asignaturas del Grado en Administración y Dirección de Empresas impartido por la Escuela de Negocios Afundación, el equipo evaluador señala que <i>“As guías docentes atópanse todas en idioma castelán, acompañado da versión en inglés no caso das materias impartidas nesa lingua. Non se utiliza os galego en ningunha das guías revisadas”</i>. Agradeceríamos al equipo evaluador la revisión de esta cuestión dado que las guías docentes de la Escuela están publicadas en dos idiomas (castellano y gallego o castellano e inglés), en la dirección:</p> <p><a href="https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=355&amp;ensenyament=V55G020V01&amp;consulta=signatures&amp;any_academic=2015_16&amp;idioma=cast">https://seix.uvigo.es/docnet-nuevo/guia_docent/?centre=355&amp;ensenyament=V55G020V01&amp;consulta=signatures&amp;any_academic=2015_16&amp;idioma=cast</a>.</p> <p>Señalar que si se ha detectado que la guía docente correspondiente a la asignatura “Macroeconomía” (2º curso) está publicada en un único idioma (castellano) y, asimismo, se ha detectado algún error aislado de traducción. En todo caso, ambas cuestiones se consideran excepcionales y serán subsanadas en la próxima edición de las guías.</p> <p>Comentar que la consulta de las guías docentes está condicionada por el idioma seleccionado para la visualización de la página web de la Universidad de Vigo. Así, en el caso de que el idioma seleccionado sea el castellano, las guías docentes se visualizarán en castellano a no ser que específicamente se seleccione el idioma gallego en cada uno de los apartados que las constituyen.</p>	<p><b>Admitida:</b>  <input type="checkbox"/> Si  <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p><b>Xustificación:</b>  <b>Tanto no enlace suministrado nesta alegación como na web da UVigo as materias correspondentes ao curso 2014-2015 están unicamente en castelán, de feito nas consultadas (unhas 10 materias) so existe a pestana de castelán, sen opción a consultar en galego. Non sucede o mesmo co curso 2015-2016, pero o que se avalía neste informe é o anterior.</b></p> <p><b>Na páxina web da Escolasolo hai a opción de seleccionar español ou inglés, tampouco aparece o galego, polo menos no seguinte enderezo:</b></p> <p><a href="http://www.afundacion.edu/formacion/informacion-oficial-grado-en-adebba/planificacion-de-las-enseanzas/plan-de-estudios-academicos.php">http://www.afundacion.edu/formacion/informacion-oficial-grado-en-adebba/planificacion-de-las-enseanzas/plan-de-estudios-academicos.php</a></p> <p><b>En calquera caso, no apartado Guía docente do curso 2014-2015 as asignaturas solo permiten a opción de castelán.</b></p>

**Criterio 3, Sistema de garantía de calidade:**

**E30 (Actas do último curso da Comisión de Calidade), apartado c.**

En relación con las Actas de la Comisión de Calidad de la Escuela de Negocios Afundación, el equipo evaluador señala que: .  
*“Non se atopan as actas”*

Agradeceríamos al equipo evaluador la revisión de esta cuestión dado que las actas de las reuniones de la Comisión de Calidad se encuentran disponibles en la plataforma de la Universidad de Vigo, tanto en el apartado “Seguimento e Acreditación 2015: Evidencias, E30”, como en el apartado específicamente creado para este fin al que se denomina “Actas de la Comisión de Calidad de la Escuela”.

Al hilo de lo señalado con anterioridad, agradeceríamos la revisión por parte del equipo evaluador de los puntos débiles reflejados en el apartado 1.3.1 del presente Informe, en los cuales se hace referencia expresa a la ENA en los aspectos relativos a y  
*“Rexistros con ítems sen documentación”*  
*“Diferencias no grao de accesibilidade da información nos centros*

**Admitida:**

- Si  
 Non

**Xustificación:**

**Con respecto a esta alegación, compróbase que no enderezo indicado hai un pdf denominado “2014-2015 Actas CGC”, pero non é posible acceder ao mesmo. Consultada a Área de Calidade da UVigo confirman que hai problemas na plataforma e fanme chegar o documento. Polo tanto admítese que si están as actas. En calquera caso a valoración global do criterio. B, non varía dado que existen outros puntos febles que se indican no criterio.**

## 2. Plan de Melloras do Título

### Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

### 2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	<b>B</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os tres centros elaboraron completos e detallados plans de mellora. Os plans reflicten a fondura e detalle da análise e reflexión levadas a cabo. Deséñanse medidas para responder aos retos.</li> <li>Con todo, detectamos puntos débiles que non figuran nese plan de melloras.               <ul style="list-style-type: none"> <li>-Criterio 7: desequilibrio entre os resultados obtidos polos tres centros.</li> <li>-Criterio 6: índices de satisfacción do alumnado (FCEE).</li> <li>-Criterio 6: resultados de aprendizaxe (índices de rendemento, avaliación, graduación etc.) desiguais.</li> <li>-Criterio 6: baixa taxa de graduación (ver centros: FCEE).</li> </ul> </li> </ul>
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	<b>B</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Boa parte dos puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora, que se consideran adecuadas.</li> <li>As actuacións que se pretende desenvolver xorden da análise e da reflexión sobre as incidencias detectadas polas responsables da titulación.</li> <li>Asígnanse adecuadamente os actores responsables de executar as accións (coordinacións, dirección) e establécense prazos razoables e axeitados para levalas a cabo.</li> </ul>

## 2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E30, E4	Análise, reflexión e implicación das respectivas Comisións de Calidade.
Fortaleza	E05-E7-E8, E30, E27, I03, I07	Iniciativa e dinamismo na procura de mellora das persoas responsables da titulación.
Fortaleza		Elaboración e actualización de cadros de acción de mellora (ENA, FCET).
Recomendacións para a mellora		Necesidade de deseñar e completar accións de mellora (FCEE)
Tipo		
Tipo		

## 2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

## 3. Modificacións do plan de estudos

### 3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que se detectaron no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado  
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

### 3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	